# PLENO DO PARLAMENTO

***19 de novembro de 2019***
***(Ao remate da sesión específica)***

ÍNDICE

*Páx.*

**Convocatoria do Pleno**......1
**Relación de membros da Cámara**......8
**Listado para votación**......10

**Punto 1. Texto lexislativo**......13

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio (doc. núm. 56459, 10/PPL-000042)......14
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019*......15

**Punto 2. Comparecencia**......21

2.1 58732 (10/CPP-000114)
Do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero......22

**Punto 3. Mocións**......24

Incluiranse, se é o caso, as que se formulen dentro do prazo regulamentario, logo da súa cualificación e admisión a trámite por Resolución da Presidencia da Cámara.

**Punto 4. Proposicións non de lei**......25

4.1 44404 (10/PNP-003312)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 423, do 31.01.2019*......26

4.2 55696 (10/PNP-004121)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e

rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019* ..................................... 31

4.3 56091 (10/PNP-004146)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019* ..................................... 35

4.4 57039 (10/PNP-004215)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019* ..................................... 42

4.5 57248 (10/PNP-004237)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019* ..................................... 46

4.6 57733 (10/PNP-004287)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 551, do 22.10.2019* ..................................... 53

4.7 57969 (10/PNP-004314)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019* ..................................... 58

4.8 58344 (10/PNP-004346)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019* ...................................... 61

**Punto 5. Interpelacións** ........................................................................ 66

5.1 56678 (10/INT-001907)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019* ...................................... 67

5.2 57403 (10/INT-001949)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Santos Queiruga, Carmen e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019* ...................................... 70

5.3 57774 (10/INT-001972)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019* ...................................... 74

5.4 58055 (10/INT-001988)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019* ...................................... 84

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta** ................. 87

6.1 58748 (10/POPX-000174)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ..............88

6.2 58750 (10/POPX-000176)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura........................................................90

6.3 58752 (10/POPX-000177)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo...............................................92

**Punto 7. Preguntas ao Goberno** ........................................................................94

7.1 54158 (10/POP-006445)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019* .....................................95

7.2 58730 (10/PUP-000278)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a opinión do goberno galego respecto a atención que se está a dar ás demandas de reparación, ampliación e mellora, así como de equipamento didáctico, presentadas polo Conservatorio Superior de Música de Vigo ...............98

7.3 58728 (10/PUP-000277)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego..........................................................................................................102

7.4 56756 (10/POP-006720)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario

vacinal de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019* ......................................106

7.5 57713 (10/POP-006842)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019* ......................................109

7.6 58174 (10/POP-006900)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019* ......................................112

7.7 58722 (10/PUP-000276)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirlle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga ......................................115

7.8 56256 (10/POP-006653)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a valoración da consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019* ......................................118

7.9 57843 (10/POP-006870)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019* ......................................122

7.10 54924 (10/POP-006511)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de

2019
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019* ........................................126

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 19 de novembro de 2019, ao remate da sesión plenaria específica prevista nesa mesma data, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 12 de novembro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto 1. Texto lexislativo**

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio (doc. núm. 56459, 10/PPL-000042)
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019*

**Punto 2. Comparecencia**

2.1 58732 (10/CPP-000114)
Do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

**Punto 3. Mocións**

Incluiranse, se é o caso, as que se formulen dentro do prazo regulamentario, logo da súa cualificación e admisión a trámite por Resolución da Presidencia da Cámara.

**Punto 4. Proposicións non de lei**

4.1 44404 (10/PNP-003312)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 423, do 31.01.2019*

4.2 55696 (10/PNP-004121)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central

CSV: REXISTROoqNo6XqJ69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019*

4.3 56091 (10/PNP-004146)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019*

4.4 57039 (10/PNP-004215)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019*

4.5 57248 (10/PNP-004237)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019*

4.6 57733 (10/PNP-004287)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 551, do 22.10.2019*

4.7 57969 (10/PNP-004314)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019*

CSV: REXISTROoqNo6XqJ69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.8 58344 (10/PNP-004346)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019*

**Punto 5. Interpelacións**

5.1 56678 (10/INT-001907)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*

5.2 57403 (10/INT-001949)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Santos Queiruga, Carmen e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019*

5.3 57774 (10/INT-001972)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*

5.4 58055 (10/INT-001988)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019*

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta**

6.1 58748 (10/POPX-000174)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

CSV: REXISTROoqNo6XqJ69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

6.2 58750 (10/POPX-000176)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura

6.3 58752 (10/POPX-000177)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo

**Punto 7. Preguntas ao Goberno**

7.1 54158 (10/POP-006445)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019*

7.2 58730 (10/PUP-000278)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención que se está a dar ás demandas de reparación, ampliación e mellora, así como de equipamento didáctico, presentadas polo Conservatorio Superior de Música de Vigo

7.3 58728 (10/PUP-000277)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego

7.4 56756 (10/POP-006720)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*

CSV: REXISTROoqNo6XqJ69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.5 57713 (10/POP-006842)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*

7.6 58174 (10/POP-006900)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019*

7.7 58722 (10/PUP-000276)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirlle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga

7.8 56256 (10/POP-006653)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a valoración da consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019*

7.9 57843 (10/POP-006870)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019*

7.10 54924 (10/POP-006511)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019

CSV: REXISTROoqNo6XqJ69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2019.11.13 18:59:58 +01'00'

CSV: REXISTROoqNo6XqJ69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 13/11/2019 18:59:58

CSV: REXISTROoqNo6XqJ69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# **PLENO DO PARLAMENTO**
POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|---|---|
| Luis Manuel Álvarez Martínez | S |
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Moisés Blanco Paradelo | P |
| Noela Blanco Rodríguez | S |
| María de la Concepción Burgo López | S |
| Gonzalo Caballero Miguez | S |
| Marcos Cal Ogando | GCE |
| Diego Calvo Pouso | P |
| Francisco Casal Vidal | M |
| Jaime Castiñeira Broz | P |
| Luca Chao Pérez | GCE |
| Francisco José Conde López | P |
| María de los Ángeles Cuña Bóveda | GCE |
| Teresa Egerique Mosquera | P |
| Xoaquín María Fernández Leiceaga | S |
| Jackeline Elizabeth Fernández Macías | P |
| Martín Fernández Prado | P |
| María Ángeles García Míguez | P |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| José González Vázquez | P |
| Xan Xosé Jove González | GCE |
| José Manuel Lago Peñas | GCE |
| Beatriz Mato Otero | P |
| Jacobo Moreira Ferro | P |
| Antonio Mouriño Villar | P |
| María Guadalupe Murillo Solís | P |
| María Isabel Novo Fariña | P |
| Marta Nóvoa Iglesias | P |
| Aurelio Alfonso Núñez Centeno | P |
| Alberto Núñez Feijóo | P |
| Patricia Otero Rodríguez | S |
| Rosa Oubiña Solla | P |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| José Manuel Pérez Seco | S |
| María Luisa Pierres López | S |
| Ana Belén Pontón Mondelo | BNG |
| María Teresa Porritt Lueiro | S |
| María Montserrat Prado Cores | BNG |
| Paula Prado del Río | P |
| Jesús Miguel Prado Patiño | P |
| Noa Presas Bergantiños | BNG |
| Pedro Puy Fraga | P |

| | |
|---|---|
| Rosa María Quintana Carballo | P |
| Paula Quinteiro Araújo | GCE |
| José Manuel Rey Varela | P |
| José Luis Rivas Cruz | BNG |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Marta Rodríguez Arias | P |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| Maria del Carmen Rodríguez Dacosta | S |
| David Rodríguez Estévez | M |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |
| Matilde Begoña Rodríguez Rumbo | S |
| Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez | P |
| Cristina Isabel Romero Fernández | P |
| Alfonso Rueda Valenzuela | P |
| María Soraya Salorio Porral | P |
| Antón Sánchez García | GCE |
| Miguel Ángel Santalices Vieira | P |
| Carmen Santos Queiruga | GCE |
| Eva Solla Fernández | GCE |
| Miguel Ángel Tellado Filgueira | P |
| Julio Torrado Quintela | S |
| Julia Torregrosa Sañudo | GCE |
| Gonzalo Trenor López | P |
| Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna | P |
| Sandra Vázquez Domínguez | P |
| Paula Vázquez Verao | M |
| Daniel Vega Pérez | P |
| Patricia Vilán Lorenzo | S |
| Óscar Vilar Chento | S |
| Luis Villares Naveira | M |

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia**
**X Lexislatura**
(actualizada 23 de setembro de 2019)

## Para votación por chamamento

| APELIDOS E NOME | GP | S | NON | ABST |
|---|---|---|---|---|
| 1. Álvarez Martínez, Luís Manuel | S | | | |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación | P | | | |
| 3. Antón Vilasánchez, María Ángeles | P | | | |
| 4. Bará Torres, Xosé Luís | BNG | | | |
| 5. Blanco Paradelo, Moisés | P | | | |
| 6. Blanco Rodríguez, Noela | S | | | |
| 7. Caballero Míguez, Gonzalo | S | | | |
| 8. Cal Ogando, Marcos | GCE | | | |
| 9. Casal Vidal, Francisco | M | | | |
| 10. Castiñeira Broz, Jaime | P | | | |
| 11. Chao Pérez, Luca | GCE | | | |
| 12. Cuña Bóveda, María de los Ángeles | GCE | | | |
| 13. Egerique Mosquera, Teresa | P | | | |
| 14. Fernández Leiceaga, Xoaquín María | S | | | |
| 15. Fernández Macías, Jackeline Elizabeth | P | | | |
| 16. Fernández Prado, Martín | P | | | |
| 17. García Míguez, María Angeles | P | | | |
| 18. Gómez Salgado, Carlos | P | | | |
| 19. Jove González, Xan Xosé | GCE | | | |
| 20. Lago Peñas, José Manuel | GCE | | | |
| 21. Mato Otero, Beatriz | P | | | |
| 22. Moreira Ferro, Jacobo | P | | | |
| 23. Mouriño Villar, Antonio | P | | | |
| 24. Murillo Solís, Maria Guadalupe | P | | | |
| 25. Novo Fariña, María Isabel | P | | | |
| 26. Nóvoa Iglesias, Marta | P | | | |
| 27. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso | P | | | |
| 28. Otero Rodríguez, Patricia | S | | | |
| 29. Oubiña Solla, Rosa | P | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 30. Pazos Couñago, José Alberto | P | | | |
| 31. Pérez Seco, José Manuel | S | | | |
| 32. Pierres López, María Luisa | S | | | |
| 33. Pontón Mondelo, Ana Belén | BNG | | | |
| 34. Porrit Lueiro, María Teresa | S | | | |
| 35. Prado Cores, María Montserrat | BNG | | | |
| 36. Prado del Río, Paula | P | | | |
| 37. Prado Patiño, Jesús Miguel | P | | | |
| 38. Presas Bergantiños, Noa Olalla | BNG | | | |
| 39. Puy Fraga, Pedro | P | | | |
| 40. Quinteiro Araújo, Paula | GCE | | | |
| 41. Rey Varela, José Manuel | P | | | |
| 42. Rivas Cruz, José Luis | BNG | | | |
| 43. Rodil Fernández, Olalla | BNG | | | |
| 44. Rodríguez Arias, Marta | P | | | |
| 45. Rodríguez Barreira, María Julia | P | | | |
| 46. Rodríguez Dacosta, Mª del Carmen | S | | | |
| 47. Rodríguez Estévez, David | M | | | |
| 48. Rodríguez Pérez, Moisés | P | | | |
| 49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | S | | | |
| 50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta Mª | P | | | |
| 51. Romero Fernández, Cristina Isabel | P | | | |
| 52. Salorio Porral, María Soraya | P | | | |
| 53. Sánchez García, Antón | GCE | | | |
| 54. Santos Queiruga, Carmen | GCE | | | |
| 55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | P | | | |
| 56. Torrado Quintela, Julio | S | | | |
| 57. Torregrosa Sañudo, Julia | GCE | | | |
| 58. Trenor López, Gonzalo | P | | | |
| 59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís | P | | | |
| 60. Vázquez Domínguez, Sandra | P | | | |
| 61. Vázquez Verao, Paula | M | | | |
| 62. Vega Pérez, Daniel | P | | | |
| 63. Vilán Lorenzo, Patricia | S | | | |
| 64. Vilar Chento, Oscar | S | | | |
| 65. Villares Naveira, Luís | M | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA** | | | | |
| 66. Quintana Carballo, Rosa María | P | | | |
| 67. Conde López, Francisco José | P | | | |
| 68. González Vázquez, José | P | | | |
| 69. Rueda Valenzuela, Alfonso | P | | | |
| 70. Núñez Feijoo, Alberto | P | | | |
| **DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO** | | | | |
| 71. Burgo López, María de la Concepción | S | | | |
| 72. Arias Rodríguez, Raquel | P | | | |
| 73. Solla Fernández, Eva | GCE | | | |
| 74. Calvo Pouso, Diego | P | | | |
| 75. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P | | | |

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

1. Texto lexislativo

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio (doc. núm. 56459, 10/PPL-000042)

Publicación da iniciativa 540, 2.10.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:49:24
Nº Rexistro: 56459
Data envío: 26/09/2019 16:49:24.498

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio.**

## Antecedentes.

A Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, constitúe o marco orgánico xeral polo que se rexe o dito réxime de transferencias.

A Lei 22/2009, do 18 de decembro, regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e modifícanse cidades con estatuto de autonomía e determinadas normas tributarias

A Lei 17/2010, do 16 de xullo, procedeu á adaptación do contido da sección un da disposición adicional primeira do Estatuto de autonomía de Galicia ao novo réxime de asignación de impostos previsto na Lei 22/2009, do 18 Decembro, e tamén para regular o réxime específico de dito traslado á Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que se determine o alcance e as condicións do traslado a esta comunidade autónoma e se atribúa a facultade de ditar normas lexislativas por si mesma nos casos e condicións previstos na Lei 22/2009, do 18 de decembro.

A Lei 18/2002, do 1 de xullo, de réxime de asignación de impostos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da devandita transferencia, nos termos establecidos na Lei 21/2001, do 27 de decembro. , polo que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das

CSV: BOPGDSPGuQoahSOrl5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:49:24
Nº Rexistro: 56459
Data envío: 26/09/2019 16:49:24.498

cidades con estatuto de autonomía, así como na Lei 32/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de impostos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixar o alcance e as condicións da devandita transferencia con respecto ao disposto na Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de impostos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias.

O artigo 13. bis do Decreto Lexislativo 1/2011, establece que a base liquidable do imposto do patrimonio gravarase aos tipos da escala seguinte.

| Base liquidable<br><br>Hasta euros | Cuota<br><br>Euros | Resto base liquidable<br><br>Hasta euros | Tipo aplicable<br><br>Porcentaje |
|---|---|---|---|
| 0,00 | 0,00 | 167.129,45 | 0,20 |
| 167.129,45 | 334,26 | 167.123,43 | 0,30 |
| 334.252,88 | 835,63 | 334.246,87 | 0,50 |
| 668.499,75 | 2.506,86 | 668.499,76 | 0,90 |
| 1.336.999,51 | 8.523,36 | 1.336.999,50 | 1,30 |
| 2.673.999,01 | 25.904,35 | 2.673.999,02 | 1,70 |
| 5.347.998,03 | 71.362,33 | 5.347.998,03 | 2,10 |
| 10.695.996,06 | 183.670,29 | En adelante | 2,50 |

**Exposición de motivos.**

Dende o ano 2011 ata o ano 2017, segundo os últimos datos da Axencia Tributaria, o patrimonio total en Galicia rexistrou un incremento do 62%, isto é, pasou de 25.413 millóns a 41.262 millóns. Mentres, no conxunto de España este incremento foi do 55% para o mesmo período. Durante estes anos, o patrimonio total no conxunto de España foi dende os 430,6 mil millóns ata os 669 mil millóns.

Por outra banda o Imposto do Patrimonio, cedido ás Comunidades Autónomas, sufriu unha evolución que diverxe en grande medida co incremento que experimentou o patrimonio total. Así por exemplo, a evolución deste imposto en Galicia foi bastante irregular. No ano 2011 este imposto recadou 620 mil euros e

CSV: BOPGDSPGuQoahSOrI5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pasou a recadar 90 millóns no ano 2013, para descender de novo ata os 78 millóns no ano 2017. De 90 a 78 millóns, unha caída do 29%.

Tendo en conta estes datos, unha das medidas fiscais mais importantes que se implantou a través da aprobación dos orzamentos do ano 2019 e aquela que fai referencia á modificación do gravame do Imposto de Patrimonio.

Os datos da Axencia Tributaria indícanos que a base liquidable media acadaba no ano 2017 os 1,31 millóns de euros. Con esta base liquidable e tendo en conta o gravame de dito imposto no ano 2018, tal base pagaría uns impostos de 10.073 euros. Coa nova tarifa implantada esa mesma base media acabaría pagando 8.312 euros, o que implica unha redución do 21%.

Se extrapolamos esta diferenza o número total de declarantes, a diferenza total supón unha contía de 13 millóns de euros. Pero ademais, a modificación levada a cabo garda unha lóxica regresiva. Así, aqueles que teñen unha base liquidable de 10,6 millóns de euros, redúceslles a cota nun 0,53%, mentres aqueles cunha base liquidable de 167 mil euros, a redución simplemente é de 0,06.

Un aspecto clave que xustifica a implantación do Imposto de Patrimonio é a de corrixir a desigualdade de renda que se produce no sistema.

A Axencia Tributaria indícanos, que a desigualade de ingresos en Galicia é mais que considerable. Son 673 mil galegos e galegas as que obteñen ingresos por baixo de 9.000 euros brutos, isto é, case 700.000 persoas que chegan como máximo a 750 euros brutos ao mes, 643 euros en 14 pagas.

Hai ademais 212 mil persoas que durante o ano ingresan máis de 9 mil euros pero menos de 12 mil euros brutos, isto é, por debaixo de 1.000 euros brutos ao mes, 857 euros en 14 pagas.

Pero un dato fundamental que amosa a desigualdade de ingresos é aquel que indica que, o 38% das persoas (os de ingresos baixos ou moi baixos) reciben o 13% da renda total. No extremo superior dáse unha situación case simétrica pero a inversa: o 13% das persoas quédanse co 35% da renda total.

CSV: BOPGDSPGuQoahSOrl5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero a esta desigualade de renda haille que engadir os recortes do gasto público que se levaron a cabo durante estes anos de crise e que fixeron acentuar a desigualade económica no territorio.

Galicia, dende o 2010, sufriu unha profunda crise económica que implicou masivos recortes do gasto público. De feito, a nosa Comunidade Autónoma xunto coa Comunidade de Madrid, foron as administración autonómicas que mais gasto público recortaron. O gasto non financeiro de Galicia no ano 2009 acadou os 10.222 millóns de euros, o que representou o pico máximo histórico e un gasto sobre PIB do 18%. No ano 2014, o gasto non financeiro reduciuse ata os 8.335 millóns euros e pasou a representar o 15,4% do PIB. Mentres o PIB caeu nun 5% dende o 2009 ata o 2014, no mesmo período o gasto non financeiro da Xunta reduciuse nun 18,4% (un 13% no conxunto das CCAA).

Polos datos expostos anteriormente o Grupo Mixto solicita a modificación do gravame do Imposto de Patrimonio co obxectivo de incrementar a recadación derivada deste e corrixir as desigualdades existentes e a insuficiencia de recursos públicos.

**Preámbulo.**

Nos países desenvolvidos e que manteñen un estado do benestar, a distribución da renda dende aqueles con máis recursos cara aqueles outros con menos recursos, supón un feito fundamental. Para poder levar a cabo isto, a implantación de sistemas impositivos con carácter progresivo resultan un elemento clave.

Dende o comezo da crise, a administración autonómica galega está sometida a unha considerable insuficiencia de recursos públicos que ten importantes consecuencias, por un lado, sobre os Servizos Públicos Fundamentais e polo tanto, sobre o desenvolvemento do estado do benestar, mais por outro, sobre a estabilidade das contas públicas.

CSV: BOPGDSPGuQoahSOrI5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:49:24
Nº Rexistro: 56459
Data envio: 26/09/2019 16:49:24.498

O imposto de patrimonio serviría para a redistribución da riqueza, ao mesmo tempo que aumenta a progresividade na contribución para o apoio aos gastos públicos e supón a obtención dun ingreso público naquelas etapas económicas nas que existe unha clara insuficiencia de recursos e de desequilibrio das contas públicas.

A Lei 17/2010, de 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións de dita cesión, outórgalle competencias sobre dito imposto, polo que é esta a que pode modificar os gravames que rexen o mesmo

**Articulado.**

Resulta acaído presentar a proposta de lei que aquí se formula, no sentido que a continuación se expresa.

**ARTIGO ÚNICO.** Modificación do artigo 13. Bis do: Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado

Artigo 13 bis. Cota íntegra.

A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da escala seguinte

| Base liquidable<br><br>Hasta euros | Cuota<br><br>Euros | Resto base liquidable<br><br>Hasta euros | Tipo aplicable<br><br>Porcentaje |
|---|---|---|---|
| 0,00 | 0,00 | 167.129,45 | 0,24 |
| 167.129,45 | 401,11 | 167.123,43 | 0,36 |
| 334.252,88 | 1.002,76 | 334.246,87 | 0,61 |
| 668.499,75 | 3.041,66 | 668.499,76 | 1,09 |
| 1.336.999,51 | 10.328,31 | 1.336.999,50 | 1,57 |
| 2.673.999,01 | 31.319,20 | 2.673.999,02 | 2,06 |
| 5.347.998,03 | 86.403,58 | 5.347.998,03 | 2,54 |
| 10.695.996,06 | 222.242,73 | En adelante | 3,03 |

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

CSV: BOPGDSPGuQoahSOrl5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 26/09/2019 16:43:14**

**Francisco Casal Vidal na data 26/09/2019 16:43:20**

**Paula Vázquez Verao na data 26/09/2019 16:43:37**

**David Rodríguez Estévez na data 26/09/2019 16:43:54**

CSV: BOPGDSPGuQoahSOrI5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

2. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

2.1 58732(10/CPP-000114)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

**XUNTA DE GALICIA**
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
11 NOV. 2019
Núm. 58732

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar **"sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 11/11/2019 15:00:39

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: 7gsz1jDgw2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

3. Mocións

Incluiránse, se é o caso, as presentadas e admitidas a trámite por Resolución da Presidencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.1 44404(10/PNP-003312)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino

*Publicación da iniciativa, 423, 31.01.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 13:58:55
Nº Rexistro: 44404
Data envío: 23/01/2019 13:58:55.230

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a introdución da educación afectiva e sexual no ensino.

Exposición de motivos

No informe de 2018 *Orientacións técnicas internacionais sobre educación en sexualidade. Un enfoque baseado na evidencia*, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) ofrece unha nova definición da educación integral en sexualidade (EIS).

> "A educación integral en sexualidade (EIS) é un proceso que se basea nun currículo para ensinar e aprender acerca dos aspectos cognitivos, emocionais, físicos e sociais da sexualidade. O seu obxectivo é preparar aos nenos, nenas e a mocidade con coñecementos, habilidades, actitudes e valores que os empoderarán para: realizar a súa saúde, benestar e dignidade; desenvolver relacións sociais e sexuais respectuosas; considerar como as súas eleccións afectan ao seu propio benestar e ao dos demais; e entender cales son os seus dereitos ao longo da vida e asegurarse de protexelos".

A educación integral en sexualidade que propón a UNESCO caracterízase por ser cientificamente precisa –isto é, baseada na evidencia–, gradual, adecuada as idades e etapas do desenvolvemento dos rapaces e rapazas, favorable a

CSV: REXISTRO-INNuP05wC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 13:58:55
Nº Rexistro: 44404
Data envío: 23/01/2019 13:58:55.230



satisfacción dos dereitos humanos e con base na igualdade de xénero. Por iso, parécenos un moi bo punto de partida para repensar a escasa educación afectiva e sexual que está a recibir a mocidade galega.

Segundo os profesionais da Sociedade Galega de Sexoloxía, a educación afectivo-sexual tería que comezar aos tres anos e chegar ata a universidade, algo que non está a suceder na nosa comunidade. En Galicia a educación sexual redúcese aos cursos e talleres que imparten a rede de centros Quérote e outras asociacións. Que isto é claramente insuficiente demóstrano os datos estatísticos dos que dispoñemos.

- Máis do 80% dos mozos e mozas entre 13 e 18 anos pensa que está ben ou moi ben informado acerca da sexualidade. Porén, un 9% admite non usar métodos anticonceptivos nas súas relacións.
- O 21% das rapazas (¡a quinta parte!) recoñece ter recorrido á píldora do día despois ou a outro anticonceptivo de urxencia.
- O 3,6% dos adolescentes entre 13 e 18 anos afirman terse quedado embarazadas ou ter provocado un embarazo.

A educación integral en sexualidade, impartida por profesionais ao longo de toda a vida dos estudantes, permitiría reducir estas cifras. Entre as súas vantaxes cóntanse:

- A EIS aumenta o coñecemento dos mozos e mozas e mellora a súa actitude e os seus comportamentos sexuais e reprodutivos.
- Os programas que, como a EIS, están centrados no xénero teñen unha eficacia maior á hora de mellorar os resultados en materia de saúde e na redución dos índices de embarazos non desexados e de enfermidades de transmisión sexual.

CSV: REXISTRO-INNuP05wC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- A EIS fomenta a participación das familias e dos docentes, dos institutos pedagóxicos e dos servizos de saúde pensados para a mocidade para garantir os mellores resultados.

Así, hai moi boas razóns para repensar a escasa formación afectiva e sexual que reciben os rapaces e rapazas en Galicia, e para adoptar as indicacións difundidas pola UNESCO.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar as indicacións da UNESCO e garantir que os rapaces e rapazas contarán na escola con educación afectiva e sexual dende os tres anos ata a universidade.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-INNuP05wC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 13:58:55
Nº Rexistro: 44404
Data envío: 23/01/2019 13:58:55.230

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 13:50:10**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 13:50:17**

**Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2019 13:50:24**

**Luis Villares Naveira na data 23/01/2019 13:50:35**

CSV: REXISTRO-INNuP05wC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.2 55696(10/PNP-004121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución

*Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019*

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Gonzalo Trenor López, Soraya Salorio Porral, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos:**

O saneamento da ría do Burgo é unha prioridade estratéxica do Goberno galego, para acadar o bo estado e a calidade das augas desta ría e para contribuír a garantir a actividade marisqueira.

O Goberno galego cumpriu cos seus compromisos para sanear a ría, colaborando e apoiando aos concellos nas súas competencias municipais de saneamento e depuración, esforzo feito ao longo dos últimos anos para sacar adiante todos os proxectos nos catro concellos da ría: A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros.

As actuacións de saneamento levadas a cabo polo Goberno galego na ría do Burgo supuxeron un investimento da Xunta de 100 millóns de euros.

Cómpre agora que este esforzo investidor por parte do Executivo autonómico teña continuidade por parte do Goberno central, en canto ao cumprimento do seu compromiso de executar a dragaxe da ría do Burgo, unha actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal. Un proxecto que o Goberno estatal ten redactado e que conta cun investimento previsto de 46 M€, pero que desde hai máis dun ano permanece metido nun caixón.

Cómpre lembrar que nun encontro mantido o 15 de xaneiro de 2019 entre a Administración central, a Xunta de Galicia e os Concellos, o Goberno galego puxo sobre a pesa a proposta de redirixir fondos europeos (FEDER xestionado pola Administración central) inexecutables en prazo, cara esta actuación.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica quedou en tramitar a ampliación do destino de fondos, dándolle traslado á Comisión Europea dese acordo acadado no mes de xaneiro entre Xunta, Goberno central e Concellos.

CSV: REXISTROMpx017B0l8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55696
Data envío: 13/09/2019 14:40:58.232



Porén, na visita que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizou a Bruxelas no mes de abril confirmouse que, ata ese momento, o Executivo español non tiña dado nin un só paso neste sentido ante as institucións europeas.

Pese a isto, desde a Xunta aproveitouse a ocasión para trasladarlle ás autoridades comunitarias a necesidade de que os fondos comunitarios que foran consignados para proxectos de saneamento e depuración na nosa Comunidade se sigan destinando a estes fins e solicitou das institucións comunitarias que se dean facilidades para que os fondos destinados ao Goberno de España para saneamento se poidan investir tamén na dragaxe ambiental da ría do Burgo, como actuación de mellora da calidade das augas.
A día de hoxe non hai certezas de que o Ministerio teña feito os trámites necesarios para dar cumprimento ao acordado. Tan só coñecemos noticias ao respecto polo que ten publicado algún medio de comunicación.

A isto vense engadir a recente petición realizada pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade ao secretario de Estado de Medio Ambiente, solicitándolle información oficial ao respecto das xestións e dos avances na reasignación dos fondos europeos á dragaxe da ría do Burgo.

Por todo isto, e tendo en conta que estamos ante unha actuación necesaria e cunha grande incidencia sobre o medio, o marisqueo e o propio turismo da zona, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **pleno:**

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado:

1.- A remisión de información oficial das xestións e os avances que ten feito de cara a cumprir co compromiso acadado con Xunta e Concellos no mes de xaneiro, relativo á solicitude ante as autoridades europeas do cambio de destino, cara á dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, daqueles fondos FEDER xestionados pola Administración do Estado que sexan inexecutables en prazo.

2.- No seu caso, urxir ao Goberno de España a que axilice as xestións ante a Unión Europea necesarias para a obtención de fondos comunitarios para esta actuación.

3.- Dote de orzamento suficiente o proxecto de dragaxe, actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal, establecendo un cronograma completo con prazos e previsións realistas para a súa execución.

3. Presente un plan social que recolla compensacións a aqueles mariscadores que non poidan traballar durante a execución das actuacións de dragaxe da ría e, nesta liña,

CSV: REXISTROMpx017B0I8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55696
Data envío: 13/09/2019 14:40:58.232

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

teña en conta o ofrecemento realizado pola Xunta de Galicia de cofinanciar nun 10% un plan social de axuda aos mariscadores.

4. Constitúa unha comisión de seguimento na que estean representadas todas as administracións e organismos implicados: Ministerio, Xunta de Galicia, Concellos da ría (A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros), confraría e sector marisqueiro"

Santiago de Compostela, 13 de setembro 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/09/2019 14:33:08**

**Gonzalo Trenor López na data 13/09/2019 14:33:25**

**María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2019 14:33:33**

**Martín Fernández Prado na data 13/09/2019 14:34:03**

**Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2019 14:34:17**

**Diego Calvo Pouso na data 13/09/2019 14:34:37**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2019 14:34:52**

**Antonio Mouriño Villar na data 13/09/2019 14:35:10**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 13/09/2019 14:35:23**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2019 14:35:36**

CSV: REXISTROMpx017B0l8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.3 56091(10/PNP-004146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda

*Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 17:17:23
Nº Rexistro: 56091
Data envío: 19/09/2019 17:17:23.621

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativas ao fomento da vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O acceso a unha vivenda en réxime de propiedade ou alugueiro é unha auténtica odisea para unha parte importante da poboación traballadora, debido ao incremento de prezos, á baixada dos salarios e á drástica redución dos investimentos públicos en materia de vivenda.

Aínda que teoricamente a vivenda é un dereito recoñecido na Constitución, na realidade é un xigantesco negocio en mans de especuladores e da banca, da mesma banca que recibe millonarias axudas públicas que non ten que devolver e que se apropiou ao longo de máis dunha década de miles de vivendas de persoas que non puideron pagar os créditos.

Neste contexto, dáse unha situación dramática na que o pago da vivenda supón unha parte moi alta dos ingresos, sobre todo para a clase traballadora e para as persoas que teñen traballos temporais e precarios como é o caso da mocidade. Isto explica tamén a alta porcentaxe de mozos e mozos que non se poden emancipar.

CSV: REXISTRO18ysRWsvR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, asistimos día tras día a unha serie interminábel de desafiuzamentos de persoas que non poden pagar a renda da vivenda, maioritariamente nos últimos anos en réxime de alugueiro.

2. Mentres isto acontece, asistimos a un auténtico festín, a un negocio millonario de fondos de investimento e bancos que utilizan a vivenda para especular e para gañar cartos a esgalla.

A realidade é que existen miles de vivendas baleiras que non saen ao mercado, moitas das cales están en mans de grandes propietarios e especuladores. Esta contracción da oferta, motivada tamén nalgunhas zonas polo uso turístico, explica o desorbitado incremento de prezos que se produciu non últimos anos, sobre todo nas principais cidades, e que mesmo nalgunhas como cidade está expulsando ao estudantado cara a concellos da periferia.

3. Nin o goberno do Estado nin o da Xunta están desenvolvendo políticas eficaces para garantir a vivenda como dereito, para incrementar a oferta e para controlar os prezos.

- As reformas lexislativas aprobadas polo PP, fundamentalmente na lei de arrendamentos urbanos, tiveron como principal efecto a suba das rendas do alugueiro.

- A lexislación sobre SOCIMIS aprobada polo goberno do PSOE e logo modificada polo PP incentivou a especulación e o incremento dos prezos.

- O investimento público en vivenda sufriu un drástico recorte na última década e por riba os niveis de execución orzamentaria son moi baixos.

CSV: REXISTRO18ysRWsvR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 17:17:23
Nº Rexistro: 56091
Data envío: 19/09/2019 17:17:23.621

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Os niveis de construción de vivenda pública en Galiza son raquíticos, tendo en conta as persoas rexistradas como demandantes (que son só unha pequena parte das que precisan unha vivenda)

- As axudas ao alugueiro son insuficientes, teñen baremos moi restritivos, convócanse con moito retraso e tardan moito en resolverse. Ademais, segundo moitas persoas expertas, as axudas ao alugueiro teñen ou poden ter como efecto o incremento dos prezos, ao trasladarse automaticamente á renda

-O fracaso estrepitoso dos programas de mobilización de vivendas baleiras, o que impide a saída ao mercado de miles de vivendas, sobre todo daquelas que están en mans da banca e de fondos especulativos.

4. Ademais da intervención pública directa no mercado da vivenda para incrementar a oferta e baixar os prezos, cómpre levar a cabo medidas de fomento do emprego de calidade, de incremento dos salarios, de recuperación de dereitos sociais e laborais que foron arrebatados coa escusa da "crise".

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Crear un parque de vivendas para o aluguer social mediante a promoción de vivenda pública, programas de rehabilitación de vivendas e mobilización de vivendas baleiras en propiedade de grandes propietarios e da banca.

CSV: REXISTRO18ysRWsvR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 17:17:23
Nº Rexistro: 56091
Data envío: 19/09/2019 17:17:23.621

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Crear unha bolsa de vivendas destinadas a atender situacións de emerxencia habitacional por desafiuzamentos e para colectivos con especiais dificultades para o acceso á vivenda.

3. Desenvolver un programa específico de vivendas en aluguer con prezos limitados para mozos e mozas de menos de 35 anos.

4. Crear un fondo extraordinario de fomento da vivenda dotado con 100 millóns de euros para compensar a redución orzamentaria dos últimos anos.

5. Duplicar o investimento en vivenda no orzamento de 2020 e mellorar substancialmente o grao de execución orzamentaria dos programas de vivenda, incrementando a construción e a rehabilitación de vivenda de promoción pública.

6. Incrementar substancialmente as partidas destinadas a axudas ao alugueiro para atender a demanda, axilizar os prazos de tramitación, adiantar as convocatorias e revisar os baremos ampliando os criterios para o acceso ás axudas.

7. Elaborar un informe, a través do Observatorio da Vivenda, sobre o número de vivendas baleiras en Galiza, sobre a propiedade das mesmas, sobre as vivendas en mans de fondos especulativos e banca, e sobre as razóns polas que non saen ao mercado.

8. Demandar do goberno do Estado:

- A supresión das normas que favorecen a especulación arredor da vivenda, nomeadamente a lexislación sobre Sociedades de Investimento no Mercado Inmobiliario (SOCIMIS)

CSV: REXISTRO18ysRWsvR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A reversión das reformas laborais que retallaron dereitos sociais e laborais da clase traballadora."

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 17:02:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 17:02:34**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 17:02:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 17:02:51**

CSV: REXISTRO18ysRWsvR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 17:17:23
Nº Rexistro: 56091
Data envío: 19/09/2019 17:17:23.621

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 17:03:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 17:03:07**

CSV: REXISTRO18ysRWsvR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.4 57039(10/PNP-004215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo

*Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 17:31:33
Nº Rexistro: 57039
Data envío: 04/10/2019 17:31:33.295

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco** e **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

A política de publicidade e propaganda do goberno Feijóo dende 2009 ten un dos seus exemplos máis notorios no asunto Pemex. Tódolos galegos e galegas recordamos a desconexión en "prime time" da televisión pública para que o presidente presentara a empresa mexicana Pemex, como unha especie de "Eldorado" para Galicia. Nun momento, ademais en que as taxas de desemprego eran moi elevadas nas comarcas mais industrializadas do país.

Falou o presidente Feijóo dunha morea de contratos de construción de buques nos estaleiros galegos, tanto os privados en Vigo, como os públicos en Ferrol, ademais do establecemento dunha base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto de Punta Langosteira. Íanse a construír, ademais dous floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, outro buque-hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores... só se construíron dous floteis.

Noutra precampaña, a empresa anunciou a entrada no capital de Barreras, cun control do 51 % desde 2013. Co anuncio de establecer unha "alianza estratéxica" que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira; foi logo dunha ampliación de capital de 5,1 millóns abonada ao completo por Pemex para salvar a empresa ante a mala situación de Barreras, que lle permitiu aos mexicanos acceder a tecnoloxía naval da empresa galega para iniciarse na construción naval.

Os galegos e galegas vimos que neste escenario de publicidade e propaganda, a realidade lamentablemente acabou por imporse. Aínda que Pemex anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras (Vigo), xa no mes de novembro de 2016, manifestou que non se ía construír ese novo buque e que paralizaba a futura, e non comezada, base loxística de Punta Langosteira (A Coruña). Os dous floteis construídos foron o único resultado da xigantesca operación de propaganda.

CSV: REXISTROYOksvFh519
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 17:31:33
Nº Rexistro: 57039
Data envío: 04/10/2019 17:31:33.295

Agora, en 2019, Pemex anunciou que deixa Barreras e abandona Galicia tras sete anos de presenza e só os dous floteis construídos. A petroleira estatal mexicana considera o estaleiro vigués un activo non estratéxico e intenta diminuír a súa elevadísima débeda, e todo parece indicar que México quere retirarse de maneira precipitada do capital de Barreras por orde do novo Goberno de López Obrador.

As últimas novas apuntan a que a Xunta de Galicia valora agora intervir no rescate de Barreras, media década despois de dalo por salvado grazas a Pemex e cando o Presidente Feijóo presumiu dun movemento que era positivo "para os traballadores, para o sector e para toda Galicia". Agora, a Xunta recoñece “preocupación” e o vicepresidente, Alfonso Rueda, considera a Barreras un activo “moi importante”, tanto polo tamaño como pola “carga de traballo vixente” e os centos de empregos directos, indirectos e na industria auxiliar, tendo na actualidade unha carteira de pedidos duns 900 millóns, polo que demanda coñecer as necesidades reais de Barreras para procurar unha solución "integral" para a empresa e as auxiliares.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe detallado sobre:

1.1. Os fondos públicos da Xunta de Galicia recibidos pola empresa Hijos de J. Barreras (especialmente a súa accionista maioritaria, Pemex) para os seus investimentos en Galicia, tanto para a construción naval, como para a adquisición do estaleiro Barreras, en caso de telos recibido.

1.2. Os mecanismos de control postos en marcha por parte da administración autonómica en relación aos fondos aportados a estas operacións empresariais.

2. Realizar un informe sobre o posible impacto negativo que provocará a saída da petroleira Pemex do accionariado da navieira Barreras e con relación ás súas auxiliares.

CSV: REXISTROYOksvFh519
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Abrir unha mesa de traballo entre a empresa Hijos de J. Barreras, os seus acredores e a Xunta de Galicia para tentar chegar a un acordo antes de que remate o prazo do preconcurso de acredores, así como procurar a viabilidade que permita a continuidade do estaleiro.

Pazo do Parlamento, 04 de outubro de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/10/2019 17:21:30**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/10/2019 17:22:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 17:22:21**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2019 17:22:36**

CSV: REXISTROYOksvFh519
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.5 57248(10/PNP-004237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual

*Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:17
Nº Rexistro: 57248
Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio. Historicamente esta violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada. Porén, grazas ao feminismo e aos movementos de mulleres no mundo, temos dado pasos de xigante que, aínda que insuficientes, deben recordarnos a nosa capacidade colectiva e transformadora no combate do patriarcado.

Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fartura diante dunha situación que é insostíbel. Nos últimos anos as respostas aos feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.

Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #Meetoo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia

CSV: REXISTRObJpel4zx08
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delictivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relacíonao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, a Xunta de Galiza non ten feito o esforzo suficiente por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, cómpre recordar que o Estado español continúa a incumprir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado que prometía avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

CSV: REXISTRObJpel4zx08
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:17
Nº Rexistro: 57248
Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dirixirse ao goberno central para:

a) demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.

b) Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.

c) modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

d) desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.

2. Desenvolver as seguintes medidas para mellorar a intervención diante das agresións sexuais:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020 e contemplar partidas específicas para mellorar a atención á violencia sexual.

CSV: REXISTRObJpel4zx08
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:17
Nº Rexistro: 57248
Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.

c) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

d) Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendemento e intervir no seu baixo número.

e) Avaliar no prazo de tres meses o funcionamento do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero respecto da violencia machista e as súas necesidades de mellora.

f) Desenvolver campañas informativas para fomentar na sociedade o coñecemento de que as ferramentas contra a violencia machista, como poden ser os CIM e o teléfono 016 están á disposición para o atendemento e asesoramento tamén diante de agresións sexuais, tanto para as vítimas como para terceiros e terceiras.

g). Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade:

1. Desenvolver un estudo integral, especialmente entre a mocidade, en materia de afectividade e educación sexual encamiñado a elaborar unha



CSV: REXISTRObJpel4zx08
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:17
Nº Rexistro: 57248
Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diagnose que permita determinar, entre outras cuestións, o grao de coñecemento en materia de sexualidade e afectividade, a pervivencia e reprodución de estereotipos, prexuízos e roles de xénero antes do primeiro semestre de 2020.

2. A partir dos datos do estudo elaborar, de maneira dialogada coa comunidade educativa así como con profesionais da sexoloxía e a saúde emocional da infancia e a adolescencia, un Plan galego de educación sexual e afectividade para a súa implementación en todos os niveis educativos dotado orzamentariamente e monitorizado para o seu cumprimento.

3. Antes do remate de 2019 planificar e iniciar a extensión a todos os centros de educación secundaria do país obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas."

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**

CSV: REXISTRObJpel4zx08
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:17
Nº Rexistro: 57248
Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 12:58:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 12:58:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 12:58:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 12:59:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 12:59:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 12:59:17**

CSV: REXISTRObJpel4zx08
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.6 57733(10/PNP-004287)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos

*Publicación da iniciativa, 551, 22.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57733
Data envío: 16/10/2019 19:18:36.220

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira**, **Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

**Exposición de motivos:**

A relevancia pública das grandes citas deportivas internacionais entendidas como grandes eventos que reclaman sobre si e sobre os países nos que se celebran a atención de todo o mundo, adquire un carácter que vai alá do estritamente deportivo. Nestas datas chamou a atención o éxito de dúas deportistas galegas que participando en eventos deportivos de carácter internacional reclamaron a atención sobre os países nos que se celebraban estas competicións deportivas mundiais e sobre o trato que as mulleres reciben nas sociedades deses países.

Tanto a atleta Ana Peleteiro como a futbolista Verónica Boquete manifestáronse recentemente sobre os motivos para conceder a celebración de probas de carácter internacional a países nos que non se respectan en absoluto os dereitos da mulleres. Tanto a plusmarquista de triplo salto, como a futbolista que foi capitana da selección española de fútbol, referíanse a Arabia Saudí e a Qatar, onde se celebraron eventos deportivos mundiais como o campionato de fútbol e o mundial de atletismo.

As dúas deportistas galegas de elite coincidiron en sinalar a incoherencia de que un mundial con probas de atletas femininas tivera a súa celebración en Qatar, un país que non recoñece os dereitos das mulleres. Tamén se dirixen estas críticas á posibilidade de que a Federación española de fútbol leve a Arabia Saudí a celebración da Supercopa con catro equipos españois xogando nun país que nega

CSV: REXISTROL6lH4j46r2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57733
Data envío: 16/10/2019 19:18:36.220

os dereitos a unha parte da súa poboación. As dúas deportistas entenden que levar as competicións a eses países é unha sorte de recoñecemento para os mesmos e supón a normalización dunha situación que só pode ser denunciada.

Tanto para Ana Peleteiro como para Verónica Boquete, os grandes eventos deportivos non se poden usar en reforzar situacións de falta de respecto aos dereitos das mulleres, nin para que os réximes poidan adquirir a través deles unha pátina de normalidade que a sociedade non ten en absoluto.

O feminismo propugna a igualdade das mulleres e o desfrute dos mesmos dereitos que os homes. Esta igualdade debe manifestarse en todos os ámbitos das sociedades e tamén nas actividades deportivas, onde as mulleres están acadando cotas de maior visibilidade e protagonismo, tanto no seu exercicio como na súa emisión a través da televisión. Por isto é importante que non se celebren eventos deportivos en países antidemocráticos e naqueles onde as mulleres son tratadas de xeito desigual, e non gozan dos mesmos dereitos que os homes, en países nos que unha parte da actividade social está prohibida para as mulleres e nos que, por exemplo, as mulleres nin sequera poden asistir como público a eventos deportivos, ou teñen limitadísima esta participación.

Esta declaración que promove En Marea pretende denunciar a situación que padecen as mulleres nos países que usan as competicións de primeiro nivel como medio de promoción sen atender ás reclamacións internacionais sobre os dereitos das mulleres. Queremos que tanto o goberno galego como o español colaboren tamén en denunciar e non participar nestes eventos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

CSV: REXISTROL6lH4j46r2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57733
Data envío: 16/10/2019 19:18:36.220

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que se negue a enviar representación deportiva masculina e feminina a eventos que se celebren en países que denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos Dereitos Humanos, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en París o 10 de decembro de 1948.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Francisco Casal Vidal
Davide Rodríguez Estévez
Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 16/10/2019 19:16:46**

**Paula Vázquez Verao na data 16/10/2019 19:16:57**

CSV: REXISTROL6lH4j46r2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57733
Data envío: 16/10/2019 19:18:36.220

**David Rodríguez Estévez na data 16/10/2019 19:17:08**

**Francisco Casal Vidal na data 16/10/2019 19:17:18**

CSV: REXISTROL6lH4j46r2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.7 57969(10/PNP-004314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais

*Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 16:45:30
Nº Rexistro: 57969
Data envío: 22/10/2019 16:45:30.892

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María del Carmen Rodríguez Dacosta** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

### Exposición de motivos

O pasado 27 de setembro, a Comisión delegada do Hospital de Verín, persoal facultativo, persoal Sanitario, sindicatos, organizacións políticas e usuarios/as volvéronse a concentrar e manifestar fronte o Hospital de Verín, denunciando de novo o desmantelamento que se está a producir na extinta área sanitaria da comarca de Verín. Tanto no hospital comarcal como en atención primaria. En concreto e entre outros nos servicios de dermatoloxía, pediatría, cirurxía e anestesia.

É un sentir compartido pola poboación de referencia que o Hospital de Verín está a sufrir unha merma clara das prestacións sanitarias. O servicio de Pediatría hospitalaria segue sen estar dotado, a pesares das múltiples denuncias públicas que se levan a facer, sendo cada vez mais palpable a situación de desmantelamento, derivando a cidade de Ourense partos e cesáreas por falta de cobertura de profesionais, o que supón un nulo avance en 30 anos de desenvolvemento do sistema. De feito xa asumiron no seu momento no ano 2017 as gardas pediátricas os dous facultativos pediatras do centro de saúde de Verín, circunstancias que non puideron ser mantidas no tempo e que levaron, primeiro, a unha redución das gardas de maneira progresiva.

O servizo de dermatoloxía tamén sufriu unha merma progresiva da capacidade asistencial, pasando de ter consulta case todos os días a desaparecer no pasado mes de setembro a partir de cando os/as pacientes deben ser derivados a Ourense. No servizo de traumatoloxía pasouse de ter cinco traumatólogos a dous, tendo que desprazar un día semana a un facultativo de Ourense, xerando eternas listas de espera en ambos centros. O servizo de paliativos quedou desmantelado dende 2017, a partir de cando se reduciron profesionais do servizo de medicina interna o non dar cobertura a xubilación de un profesional. Outros servizos presentan déficits semellantes (cirurxía ou anestesia).

CSV: REXISTROhLkEHqMGO4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 16:45:30
Nº Rexistro: 57969
Data envío: 22/10/2019 16:45:30.892

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Deseñar e implantar un catálogo de servizos mínimos, que determine aqueles servizos de atención hospitalaria que deben ser ofrecidos en todos os centros hospitalarios de Galicia con persoal e recursos propios.

2) Deseñar nos vindeiros seis meses, en colaboración cos representantes dos traballadores e colectivos profesionais implicados, un plan extraordinario de dotación de recursos que permita recuperar progresivamente a oferta de servizos e cumprir o establecido no catálogo de servizos mínimos, de ser desenvolvido este.

3) Comprometer as medidas necesarias para non sufrir a perda de máis profesionais e recursos materiais.

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/10/2019 16:39:57**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/10/2019 16:40:12**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/10/2019 16:40:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/10/2019 16:40:29**

CSV: REXISTROhLkEHqMGO4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

4.8 58344(10/PNP-004346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

*Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2019 17:24:38
Nº Rexistro: 58344
Data envío: 30/10/2019 17:24:38.737

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Maria Ángeles García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Nuñez Centeno, Soraya Salorio Porral, e Miguel Tellado Filgueira** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate pleno.**

**Exposición de Motivos:**

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller, o Convenio de Istambul, aprobouse no ano 2011 e España ratificouno no ano 2014.

A importancia do Convenio estriba en que supón o primeiro instrumento de carácter vinculante no ámbito europeo en materia de violencia contra a muller, é o tratado internacional de maior alcance para facer fronte a esta grave violación dos dereitos humanos, establecendo unha tolerancia cero con respecto á violencia cara á muller.

A violencia contra a muller recoñécese no Convenio como unha violación dos dereitos humanos e como unha forma de discriminación, considerando responsables aos Estados se non responden de maneira adecuada.

Os fundamentos do Convenio son:

1. Previr a violencia, protexer ás vítimas e establecer accións xudiciais contra os agresores.
2. Sensibilizar e facer un chamamento a toda a sociedade, especialmente aos homes e nenos, para que cambien de actitude e rompan cunha cultura de tolerancia e negación que perpetúa a desigualdade de xénero e a violencia que a causa.

CSV: REXISTROj7jgYTdgq8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

3. Destacar a importancia dunha actuación coordinada de todos os organismos e servizos oficiais pertinentes e a sociedade civil.
4. A recollida de datos estatísticos e de investigación sobre todas as formas de violencia contra a muller.

O Convenio contempla como delito todas as formas de violencia contra a muller. Isto implica que os Estados deberán introducir nos seus sistemas xurídicos estes delitos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de Lei en Pleno**:**

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar o primeiro Plan Estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual.

2. Fomentar que os concellos galegos realicen campañas de sensibilización social contra a trata con fins de explotación sexual coa finalidade de seguir concienciando á sociedade na loita contra esta lacra.

3. Acordar coa FEGAMP a modificación das ordenanzas municipais, para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas, dando así cumprimento á medida 77 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero

4. Seguir a fomentar, en colaboración cos concellos galegos, a constitución e/ou dinamización das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero, xa que constitúen un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.

5. Dirixirse ao Goberno Central para demandar:

   a. Modificar a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia, para incluír que son tamén formas de

CSV: REXISTROj7jgYTdgq8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

violencia contras as mulleres, conforme ao Convenio de Istambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; dando así cumprimento á medida 104 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

b. Impulsar a aprobación dunha Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, reforce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas, dando así cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero."

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/10/2019 17:19:20**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 30/10/2019 17:19:46**

**Paula Prado Del Río na data 30/10/2019 17:20:03**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/10/2019 17:20:18**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/10/2019 17:20:51**

**Marta Rodriguez Arias na data 30/10/2019 17:21:06**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/10/2019 17:21:41**

**María Soraya Salorio Porral na data 30/10/2019 17:22:24**

CSV: REXISTROj7jgYTdgq8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2019 17:24:38
Nº Rexistro: 58344
Data envío: 30/10/2019 17:24:38.737

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/10/2019 17:22:34**

CSV: REXISTROj7jgYTdgq8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

5.1    56678(10/INT-001907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 16:56:09
Nº Rexistro: 56678
Data envío: 30/09/2019 16:56:09.234

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A edición 2019 do informe da Fundación Foessa, sobre a exclusión e desenvolvemento social en Galicia, presentado recentemente por Cáritas, alerta de que tan só o 41 % da poboación galega está nunha situación de integración plena. No extremo oposto, case un de cada cinco galegos e galegas atópase en situación de exclusión social. Ademais, o 41,6 % da poboación galega atópase nunha situación precaria e conta cunha alta taxa de vulnerabilidade social e con risco de caer en situacións de pobreza ou exclusión, sobre todo no escenario dunha nova crise económica. Constátase, ademais, unha maior feminización da pobreza, pois o 20 % dos fogares sustentados por mulleres están en situación de exclusión. Entre as conclusións, destaca a énfase posta no papel da vivenda para inclusión ou exclusión. O Informe revela ademais que os efectos da recuperación económica non parecen facerse notar con claridade en Galicia: a maior parte da poboación galega, o 75,1 % non percibe a chegada dos efectos da recuperación económica ao seu fogar, porcentaxe que se amplía até o 80,8 % no caso das persoas que viven en fogares en situación de exclusión.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno de Feijoo para previr a marxinación e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai do elevado risco de vulnerabilidade social e de caer en situacións de pobreza ou exclusión da poboación galega?

CSV: REXISTROC6NnrwofU9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Considera a Xunta de Galicia que a Renda de Inclusión Social é suficiente para cubrir as necesidades de toda a poboación obxectivo?

3. Está o Goberno galego planificando e presupostando suficientemente as políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas?

4. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar as medidas actuais para previr a marxinación e favorecer a inclusión social?

5. En caso afirmativo, de que medidas se trata?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 16:53:27**

**Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 16:53:35**

**María Luisa Pierres López na data 30/09/2019 16:53:45**

CSV: REXISTROC6NnrwofU9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

5.2 57403(10/INT-001949)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller

*Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:04:42
Nº Rexistro: 57403
Data envío: 10/10/2019 18:04:42.318

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregosa Sañudo, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas do Grupo Parlamentar Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Interpelación.

Son xa varias as iniciativas presentadas polos diferentes grupos da oposición sobre a situación dos xulgados de violencia contra a muller solicitando diferentes cuestións: mais xulgados específicos, mais recursos humanos e mais recursos materiais.

A situación dos xulgados de violencia contra a muller non melloran por mais que se demanda na rúa, desde o movemento feminista, e neste parlamento desde os diferentes grupos da oposición.

Demándanse mais xulgados específicos, so existen na Coruña e Vigo. Tanto os xulgados específicos, como aqueles que xestionan os casos de violencia de xénero no resto de Galicia, precisan un reforzo de medios humanos, non só de xuíces e xuízas, senón do resto de persoal dos propios xulgados e tamén dos seus servizos complementarios como o IMELGA, que trasladou en innumerables ocasións a situación de eventualidade do persoal específico que cambia permanentemente prexudicando a atención e os resultados do seu traballo.

Demándase que todas as dependencias xudiciais onde se atenda violencia de xénero estea preparada para a protección das vítimas, tanto no momento das declaracións, como no resto de dependencias, e seguen sen estar acondicionadas

CSV: REXISTROPk5K4QSm2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:04:42
Nº Rexistro: 57403
Data envío: 10/10/2019 18:04:42.318

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

para tal. é inadmisible que aínda non existan biombos nin salas de agarda axeitadas, que cando existen están saturadas, ou, no caso dos biombos, son incompatibles con outras ferramentas como un micrófono.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes, presentan a seguinte Interpelación:

- Trasladou a Xunta de Galicia a demanda ao Goberno central para incrementar os xulgados de violencia contra a muller? Cando? en que termos? Cal foi a resposta?
- Adoptou algunha medida a Xunta de Galicia para a mellora das condicións para a protección das vítimas nas dependencias xudiciais? Cales?
- Adoptou o goberno da Xunta de Galicia algunha medida para mellorar as condicións laborais e formativas do persoal dos xulgados de violencia contra a muller? E para incrementar o persoal? e para o IMELGA?

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Julia Torregosa Sañudo
Eva Solla Fernández
Paula Quinteiro Araújo
Marcos Cal Ogando
Deputadas do Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 10/10/2019 18:01:57**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 18:02:08**

CSV: REXISTROPk5K4QSm2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:04:42
Nº Rexistro: 57403
Data envío: 10/10/2019 18:04:42.318

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**Eva Solla Fernández na data 10/10/2019 18:02:18**

**Paula Quinteiro Araújo na data 10/10/2019 18:02:32**

**Marcos Cal Ogando na data 10/10/2019 18:02:42**

CSV: REXISTROPk5K4QSm2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

5.3 57774(10/INT-001972)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57774
Data envío: 17/10/2019 16:01:03.231

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN,** relativa a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 6 do decreto 120/1998, do 23 de abril están moi claras as funcións dos departamentos de orientación e as súas competencias. Entre outras, teñen que valorar as necesidades; elaborar o POAP; atender ao alumnado con NEE; proporcionar atención temperá; diagnosticar as altas capacidades; facer avaliacións psicopedagóxicas e deseñar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade. Asemade favorecer a cooperación entre centros e familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo I do título preliminar fala de adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

No propio título II da referida lei, dedicado á equidade na educación, establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos. Igualmente, disponse que as administracións educativas establecerán os procedementos tendo como principios a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais…

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regúlase a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Estamos moi lonxe da **atención á diversidade** que por **dereito** lle corresponde aos nosos alumnos e alumnas. A Consellería de educación non está poñendo nin os medios, nin os recursos , nin os procedementos necesarios para facer efectivo o principio de igualdade e normalizar o principio de inclusión.

Os continuados recortes a sangue e lume e a discriminación exercida pola Administración contra o alumnado de NEAE, está chegando a niveis tan intolerábeis que lonxe de se encamiñar a acadar avances, lévanos a un estadio anterior de segregación, por moito que disfracen o seu escandaloso modelo de negocio, dirixido a crear illas de elites financiadas para minorías selectas.

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57774
Data envío: 17/10/2019 16:01:03.231

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por moito que repitan a súa mensaxe falaz de equidade e inclusividade, o certo é que están precarizando a diversidade cun claro obxectivo privatizador. A penetración da empresa privada no público, lévanos a un contexto de saqueo da educación pública en beneficio dos seus indecentes negocios. Os seus actos van en sentido contrario do que din as súas mensaxes, por máis que os medios propagandísticos e institucionalizados tenten convencer á cidadanía do éxito do noso sistema educativo.

Non se está a respectar o Dereito á Educación Inclusiva, xa que cada vez limítanse máis os recursos e dotacións necesarias de profesionais de apoio que faciliten a aprendizaxe e a superación das dificultades que a diversidade trae consigo. A redución de especialistas en Pedagoxía Terapéutica, en Audición e Linguaxe, ou mesmo de Coidadores e Coidadoras e persoal Orientador, todas elas especialidades básicas para a correcta atención da diferenza, mesmo tamén de profesorado xeral e recursos, ten consecuencias.

Podemos falar de nenos e nenas con Trastorno do Espectro Autista (TEA). Coñecemos ben o caso de Arturo. A súa familia fixo unha reclamación por vulneración do decreto 299/2011 de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Hai xusto dous anos (18 de outubro de 2017) nunha sentenza sen precedentes, xa que é un primeiro paso na creación de xurisprudencia no ámbito da responsabilidade patrimonial da administración en relación coa atención educativa. O TSXG deulle a razón á familia e condenou á Consellería a indemnizala. Este é un claro exemplo dos problemas reais de inclusión que temos na nosa Comunidade, pero esta reclamación importante é so unha pequena punta

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

do iceberg.

Podemos falar tamén de nenos e nenas con discapacidades intelectuais ou psicosociais, persoas paralíticas cerebrais ou hipoacusias, cada vez menos atendidas, sen os necesarios recursos humanos e materiais, e acceso a servizos de apoio segundo as súas características persoais. Un bo exemplo no que hai que facer fincapé é en que sobre a atención educativa a alumnos e alumnas xordas e persoas con déficits sensoriais, a praza de Déficits sensoriais do EOE de Ourense leva máis de sete anos sen cubrir.

Cada ano máis, curso tras curso, está a caer sistematicamente a atención imprescindible. As nosas escolas non teñen profesionais suficientes para detectar, tratar e apoiar a realidade que atopan nas aulas. Estase abandonando á súa sorte ao alumnado que máis o necesita porque ***quen nos mal goberna di que é custoso manter a insuficiente atención que se lle está a prestar a algunhas persoas***, nin moito menos a todas as que o precisan, nos centros escolares públicos.

Os pais e nais de nenos e nenas con NEAE estanse mobilizando contra o maltrato institucional, contra o discurso da fachenda e a mentira, contra as escusas económicas. Están saíndo ás rúas demandando solucións. Así a concentración convocada pola plataforma de familias agrupadas baixo o lema ***Dereitos, non parches,*** reuniu a quince asociacións de pais e nais de alumnos e alumnas de colexios da Coruña o día 8 de outubro para esixir solucións que garantan a atención á diversidade nos centros educativos.

O Goberno do PP leva anos gabándose dun dato que é que o 90% do alumnado con NEE en Galicia se atopa escolarizado en centros ordinarios,

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57774
Data envío: 17/10/2019 16:01:03.231

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

pero ese dato queda completamente baleiro de significado cando desde a propia Consellería se eliminan os medios para que estea atendido como precisa.

Nun manifesto elaborado polo colectivo de anpas dise: *Só con persoal especialista de atención á diversidade non se logra a inclusión, pero sen el temos claro que é imposible acadala*, así comeza o texto, que lle afea á Xunta que *debera ser quen protexa as persoas que polas súas circunstancias teñen máis risco de exclusión e non un inimigo ao que enfrontarse para elas… Porque non pode haber educación de calidade para ninguén nun sistema que ignora, que invisibiliza e nega a diversidade: un sistema no que hai xente que non recibe o que precisa para aprender é un sistema que só pode ensinarlles a todas e todos un mundo pequeno e inxusto*, así conclúe o manifesto.

Cal é a resposta da Consellería? “Tras declaracións contraditorias nas que tanto se negaba esa carencia como se atribuía a mesma a erros e confusións, a Consellaría de Educación convocou prazas para algúns deles, se ben non para todos e só con medias dedicacións en centros onde eliminara profesionais a tempo completo. A Xunta afirma así que as necesidades quedan cubertas”, lamentan as familias, que critican “que non se trata dunha carencia puntual senón dun desprezo continuado pola adecuada atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo”.

Iso está acontecendo en toda Galicia. A preocupación é enorme diante dunha realidade demoledora. As anpas e as Federacións de pais e nais, non poden enfrascarse en temas fiscais e de contabilidade. O goberno actual quere

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

potenciar que xestionen servizos, esa non é a súa función. Si a de defender os dereitos dos seus fillos e fillas, si participar na Comunidade Educativa. Si desenmascarar a quen lles di que estamos mellor que nunca.

O sistema educativo colabora sempre con servizos externos que traballan co alumnado, ben sexa a nivel público ou a nivel privado. Pero unha cousa é a colaboración e outra que eses servizos externos, privados, baixo a forma de gabinetes, fundacións, spin off, asociacións… pretendan pilotar a atención a diversidade, que é o que está no fondo da política desta Consellería. Así o vemos na pretensión de eliminar do catálogo de postos de traballo dos centros de primaria a PT e AL. Teñen tamén a idea de eliminalos dos centros de secundaria? Trátase sempre de precarizar a atención á diversidade para que acabe en mans privadas.

Ademais, as "colaboracións" páganas sempre as familias, por máis que se vista de colaboración. Un exemplo, se ASPANAES vai a un colexio formar aos docentes, porque no hai formación ...., págano o pais e nais.

Vemos esa mesma tendencia no recentemente presentado Protocolo de Atención ao alumnado de AACC. O primeiro que chama a atención é que non ten autoría. En tal caso, os autores ou autoras son Varios. Semella un Documento que ten a finalidade de protexer determinados intereses, alleos e contrarios aos do sistema educativo público.

Non foi elaborado coa implicación de profesionais e técnicos expertos que van ter que aplicalo. Nin se lles remitiu para facer suxestións. Tan só se

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

contou con profesionais do equipo específico de A Coruña. Só participaron representantes dos departamentos de orientación de A Coruña.

Consagra un modelo ríxido e pechado, ancorado no clínico, non de servizos nin de intervención de programas. Ademais nin sequera se prevé a súa avaliación. Existen modelos máis ricos, dinámicos e participativos con demostrada eficacia e eficiencia tanto nos procesos de intervención como nos resultados. Tampouco está deseñado para que se faga a detección do alumnado nos centros xa que implicaría que se reduciría o negocio para os gabinetes externos.

Queremos facer constar que a lexislación de atención á diversidade está OBSOLETA. O Comité das Nacións Unidas ístanos a contemplar a educación inclusiva como un dereito e non como un principio. A solución pode estar aí. En garantir que as persoas con discapacidade non fiquen excluídas da educación primaria gratuíta ou obrigatoria ou da educación secundaria, por discapacidade.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte **Interpelación:**

- Están garantindo unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con NEAE en centros sostidos con fondos públicos?
- Por que queren perpetuar un modelo social clasista e discriminatorio?
- Por que ese logro social inmenso que foi o ensino público, ese lugar nivelador onde nacen e se dá forma ás expectativas de todas as persoas, está sendo esnaquizado e desmantelado por quen nos mal goberna?.
- Cren que os nenos e nenas con discapacidade teñen menos dereito que outros e outras á educación?
- Cren que hai suficiente persoal para atender as necesidades que existen a

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57774
Data envío: 17/10/2019 16:01:03.231

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

nivel cualitativo e cuantitativo?

- Están realizando a dotación dos recursos necesarios para ofrecer unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa?
- Están adecuando os centros docentes ás disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade universal como marca a Convención de Nacións Unidas?
- Están impulsando a formación de todo o profesorado na atención ao alumnado con NEAE?
- Están adoptando outras actuacións para propiciar a calidade e a equidade no ámbito da atención á diversidade?
- Queren encubrir a asociacións, empresas ou familias afíns aos intereses da Consellería no Protocolo de atención ao alumnado con AACC?
- En base a que lexislación categorizan ao alumnado de AACC en precoces, talentosos e superdotados?
- Quen vai financiar as probas que aparecen no Anexo 9.1 do Protocolo?
- Que opinión lle merece o informe do Comité das Nacións Unidas sobre a consideración do noso sistema educativo como discriminatorio?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019

Asdo: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do Grupo Común da Esquerda

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57774
Data envío: 17/10/2019 16:01:03.231

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 15:54:43**

**Luca Chao Pérez na data 17/10/2019 15:54:54**

CSV: REXISTROw956DmOuF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

5.4 58055(10/INT-001988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia

*Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 10:12:31
Nº Rexistro: 58055
Data envío: 24/10/2019 10:12:31.192

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A evolución da produción de berberecho en Galicia vén sendo obxecto de intenso estudo durante os últimos anos en Galicia. A afectación da marteilia foi letal para esta produción, que debilitou ao sector marisqueiro de Galicia, especialmente daquelas rías e confrarías con maior volume de recollida habitualmente.

Durante anos, a Xunta de Galicia foi incapaz de ofrecer resultados e información concreta e resolta sobre a situación, que permitira coñecer e prever escenarios futuros. Na actualidade, repuntan os volumes de produto extraído, o cal son boas noticias para o sector. Non en tanto, sería de interese coñecer en maior medida as previsións e predicións da administración que, mediante os diferentes centros de investigación, ten (ou debera ter) coñecemento real do escenario. Esta información sería de interese para confrarías e traballadores/as do sector, que poderían facer mellores previsións para o desenvolvemento da súa tarefa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que previsión para o resto do ano ten o Goberno de Galicia sobre o volume de extracción de berberecho nas rías galegas?

2. Que previsión manexa a Xunta de Galicia para o volume de extracción de berberecho nas rías galegas nos vindeiros anos?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 24/10/2019 10:10:52**

CSV: REXISTROITW9MrKnc5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 10:12:31
Nº Rexistro: 58055
Data envío: 24/10/2019 10:12:31.192

**Patricia Otero Rodríguez na data 24/10/2019 10:11:05**

CSV: REXISTROITW9MrKnc5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

6.     Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

6.1 58748(10/POPX-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:23:46
Nº Rexistro: 58748
Data envío: 11/11/2019 18:23:46.498

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

**PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Cando ten previsto a Xunta cumprir integramente a Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero?*

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 18:14:53**

CSV: REXISTROzLPTLtVQE2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

6.2 58750(10/POPX-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:27:03
Nº Rexistro: 58750
Data envío: 11/11/2019 18:27:03.780

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Míguez, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que papel vai outorgar o seu Goberno ós servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro 2019

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**

Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 11/11/2019 18:02:52**

CSV: REXISTROxDCH0WUC60
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

6.3 58752(10/POPX-000177)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo (POPX)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58752
Data envío: 11/11/2019 19:18:33.669

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García,** voceiro do Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda,** solicita que que se faga unha corrección de erros no documento con número de rexistro de entrada 58749.

Debese suprimir parte da pregunta quedando redactada do seguinte xeito:

- Sr. Presidente, que medidas vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 11/11/2019 19:17:50**

CSV: REXISTROYae04DPqe2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.     Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.1 54158(10/POP-006445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes

*Publicación da iniciativa, 521, 29.08.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:37:14
Nº Rexistro: 54158
Data envío: 26/08/2019 13:37:14.888

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Sandra Vázquez Domínguez, Maribel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e Antonio Mouriño Villar** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno.**

A calidade educativa é un obxectivo irrenunciable de calquera sistema educativo. Nese proceso da procura da calidade educativa, hai un amplo consenso arredor da imprescindible labor do profesorado e dos equipos directivos.

Tal é así, que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, destaca, entre os factores que favorecen a calidade do ensino, a cualificación e formación do profesorado, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, outorgándolles unha atención prioritaria.

O artigo 120 desta Lei, recoñece que a formación do profesorado é un dereito e unha obriga de todo o profesorado así como unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

No caso de Galicia, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional regulou normativamente, a través do Decreto 74/2011, a formación permanente do profesorado dándolle un novo enfoque e estrutura.

Nesta nova estrutura prevé tres ferramentas ao servizo dos docentes para a súa formación continua: o Servizo de Formación do Profesorado, o Centro Autonómico de Formación e Innovación e os centros de formación e recursos.

Xa con este novo sistema en marcha, o Partido Popular de Galicia incluíu no seu programa para as eleccións autonómicas de 2016 un compromiso de apoio aos docentes "*Ampliando a oferta de formación permanente para os docentes, tanto funcionarios como interinos*" no que se facía mención específica á formación en linguas estranxeiras e á formación especializada para equipos directivos. Dito programa, avalado maioritariamente polas urnas, converteuse na guía de actuación do goberno galego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en pleno:

CSV: REXISTROUfruFlnli9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Cales son as liñas mestras que está implementando a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Antón Vilasánchez na data 26/08/2019 13:33:56**

**Teresa Egerique Mosquera na data 26/08/2019 13:34:11**

**Carlos Gómez Salgado na data 26/08/2019 13:34:26**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 26/08/2019 13:34:44**

**María Isabel Novo Fariña na data 26/08/2019 13:34:57**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2019 13:35:20**

**Antonio Mouriño Villar na data 26/08/2019 13:35:34**

CSV: REXISTROUfruFIhII9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.2 58730(10/PUP-000278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención que se está a dar ás demandas de reparación, ampliación e mellora, así como de equipamento didáctico, presentadas polo Conservatorio Superior de Música de Vigo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:35:30
Nº Rexistro: 58730
Data envío: 11/11/2019 16:35:30.097

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola situación de deterioro na que se atopa o conservatorio superior de música de Vigo e a necesidade dunha resposta urxente para solucionar esta situación.

Nas memorias dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e no relativo ao programa 422E – Ensinanzas artísticas, podemos ler que a consellaría tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

Con respecto a isto último, segundo a propia consellería, en materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

1. Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.

2. Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Pese ao anterior, e analizando as execucións orzamentarias dos anos 2016, 2017 e 2018 en relación co orzamentado inicialmente, temos as seguintes evidencias, en miles de euros:

| | 2016 | 2017 | 2018 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Crédito inicial | 33.601 | 36.083 | 36.932 | 106.616 |
| Obrigas recoñecidas | 29.085 | 30.417 | 32.060 | 91.562 |
| Diferenza | 4.516 | 5.666 | 4.872 | 15.054 |

CSV: REXISTROCvelngmrV9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É dicir, nos anos 2016, 2017 e 2018 e con respecto ás previsións iniciais, as cantidades destinadas ás ensinanzas artísticas reducíronse en 15.054.000 € o que supón un 16,44 %.

Nos orzamentos do ano 2019, dos que aínda non se coñece o grao completo de execución figuran 38.638.000 € e nos que se están a tramitar nestas datas para o ano 2020, a cantidade é de 39.852.380 €.

Paralelamente ao anterior, no Conservatorio Superior de Música de Vigo existen desde hai varios cursos serios problemas de mantemento que dificultan o normal desenvolvemento das actividades docentes; pingueiras (a finais do mes de outubro houbo inundacións nos edificios), deficiencias nas aulas, malas condicións acústicas e térmicas (estas últimas obrigan ao alumnado a empregar luvas aínda que estean a practicar cos seus instrumentos musicais) e carencia de material instrumental e didáctico adecuado.

Non debemos esquecer que este centro e o Conservatorio Superior de Música da Coruña, son os únicos de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, imparte un elevado número de especialidades; Canto, Clarinete, Contrabaixo, Fagot, Frauta traveseira, Guitarra, Instrumento de corda pulsada do renacemento e barroco, Instrumento de música tradicional e popular, Oboe, Percusión, Piano, Saxofón, Trombón, Trompa, Trompeta, Tuba, Viola, Viola de gamba, Violín, Violoncello, Etnomusicoloxía, Musicoloxía histórica, Pedagoxía xeral e da linguaxe musical e Composición, o que dá boa proba da importancia deste centro superior.

Resulta moi preocupante o grao de abandono no que os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional teñen sumido a este centro e máxime cando, como se expuxo antes, existe capacidade orzamentaria para atender a totalidade das necesidades que presenta. Por iso o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que as demandas de reparacións, ampliacións e melloras e de equipamento didáctico que se presentan desde o Conservatorio Superior de Música de Vigo están sendo atendidas adecuadamente?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2019

CSV: REXISTROCveIngmrV9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:35:30
Nº Rexistro: 58730
Data envío: 11/11/2019 16:35:30.097

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/11/2019 16:32:43**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 11/11/2019 16:32:59**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/11/2019 16:33:17**

CSV: REXISTROCvelngmrV9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.3 58728(10/PUP-000277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:30:08
Nº Rexistro: 58728
Data envío: 11/11/2019 16:30:08.563

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre a decisión da Xunta de Galiza de non cubrir a dirección do CGAI após a xubilación da persoa que dirixía este espazo.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola situación, gravísima, na que se atopa o Centro Galego de Artes da Imaxe (sen dirección), que se suma, tamén, ao progresivo desmantelamento que padecen o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego.

**Exposición de motivos**

O pasado verán produciuse a xubilación de Guillermo Escrigas, quen foi director do CGAI desde 2007, sen que, até o momento, a Xunta de Galiza cubrise o seu posto.

CSV: REXISTROqUK6tsE0D9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:30:08
Nº Rexistro: 58728
Data envío: 11/11/2019 16:30:08.563

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación agrávase se temos en conta que, actualmente, o Centro Dramático Galego está inmerso no proceso de selección dunha nova persoa que o dirixa e do debate arredor da imprescindíbel refundación desta unidade de produción dependente da AGADIC, como reclama desde hai anos o sector das artes escénicas.

Así mesmo, o Centro Coreográfico Galego tamén está descabezado logo do cesamento da súa coordinadora entre profundas críticas por parte do sector polo desmantelamento e abandono que o CCG padece desde hai unha década.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que pensa facer a Xunta de Galiza coas direccións do CGAI e do CCG?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**

CSV: REXISTROqUK6tsE0D9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:30:08
**Nº Rexistro: 58728**
Data envío: 11/11/2019 16:30:08.563

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/11/2019 16:28:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2019 16:29:01**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/11/2019 16:29:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/11/2019 16:29:12**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/11/2019 16:29:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 16:29:26**

CSV: REXISTROqUK6tsE0D9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.4 56756(10/POP-006720)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 11:17:10
Nº Rexistro: 56756
Data envío: 01/10/2019 11:17:10.442

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías** e **Raquel Arias Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Nas últimas datas estamos a vivir unha situación grave para a saúde pública da cidadanía europea, pola actividade de grupos denominados antivacinas, que están a promover campañas contra a utilización das vacinas, que teñen demostrada unha eficacia indubidable para a prevención e erradicación de moitas enfermidades infecciosas.

Ata algunha eurodeputada galega converteuse en negativa estrela mediatica por apoiar a estes grupos, ademais doutra serie de afirmacións sobre probas diagnósticas de screening dubidando da súa probada efeciencia.

Estamos a coñecer o incremento de casos de enfermidades infecciosas que estaban practicamente erradicadas.

Como exemplo mais destacados podemos citar o sarampelo, enfermidade vírica habitualmente benigna, pero que nalgúns casos pode ter graves complicacións de saúde.

Estanse a incrementar as cifras desta patoloxía en varios países europeos.

Temos coñecido que a Consellería de Sanidade ten aprobado distintas modificacións no calendario vacinal dos galegos e galegas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que cambios se teñen aprobado no calendario vacinal galego?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO/Xj8JghzU6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 11:17:10
Nº Rexistro: 56756
Data envío: 01/10/2019 11:17:10.442

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/10/2019 10:33:33**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 01/10/2019 10:33:54**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 01/10/2019 10:34:12**

**Marta Rodriguez Arias na data 01/10/2019 10:34:26**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/10/2019 10:34:46**

**María Soraya Salorio Porral na data 01/10/2019 10:35:23**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/10/2019 10:35:38**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 01/10/2019 10:35:54**

**Raquel Arias Rodríguez na data 01/10/2019 10:36:05**

CSV: REXISTROiXj8JghzU6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.5 57713(10/POP-006842)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2019 16:58:04
Nº Rexistro: 57713
Data envío: 16/10/2019 16:58:04.494

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Paula Vázquez Verao,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno.**

A Xunta de Galiza comprometérase a ter no primeiro trimestre de 2019 un protocolo unificado no SERGAS para abordar a morte xestacional e perinatal, "unha guía de abordaxe da morte perinatal e neonatal" consensuada con todos os actores, en palabras da Subdirectora Xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS.

Nos últimos anos, mulleres que sufriron distintas situacións de morte xestacional ou perinatal atopáronse cunha falta de coñecemento e protocolos establecidos para abordar esta complexa situación a nivel psicolóxico.

Segundo datos do INE, no Estado prodúcese unha media de 4,5 mortes perinatais por cada mil nacementos.

Durante un embarazo desexado prodúcese un proceso psíquico polo cal se vai conformando unha imaxe do futuro bebé. Unha perda xestacional inesperada -que pode suceder mesmo nas últimas semanas– é un proceso moi duro que require o adecuado manexo por parte das e dos profesionais sociosanitarios. Así, por exemplo, cómpre evitar a estadía da muller afectada compartindo habitacións, salas e espazos con mulleres que están agardando un parto ou mesmo con mulleres con bebés recén nados, cómpre trasladar a información sobre a morte xestacional de xeito respectuoso, é preciso informar á muller do proceso que vai ter lugar (cesárea ou parto vaxinal, e as implicacións de cada caso) e das posibilidades e xeitos de facer o dó, así como prestar acompañamento axeitado nos momentos posteriores, así como atender axeitadamente ás mulleres que tras sufrir esta perda teñen un novo embarazo.

CSV: REXISTRO8Q0PpUjaM0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2019 16:58:04
Nº Rexistro: 57713
Data envío: 16/10/2019 16:58:04.494

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Cando vai ter o SERGAS lista a guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 16/10/2019 16:53:35**

CSV: REXISTRO8Q0PpUjaM0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.6 58174(10/POP-006900)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

*Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58174
Data envío: 28/10/2019 14:31:11.041

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Eva Solla Fernández** e **Ánxeles Cuña Bóveda,** deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á situación da cociña do CHUO.

A situación do servizo de cociña no hospital de Ourense é a todas luces incomprensible. A demora na apertura das novas instalacións de custe millonario carece de xustificación e obriga a manter o servizo nunhas dependencias nas que son habituais os accidentes laborais polo deterioro da maquinaria e chans, na que parte da propia maquinaria non funciona correctamente e na que ademais non hai un correcto control de pragas, advertíndose a presenza de roedores.

Por outra parte, os traballadores e traballadoras do servizo teñen denunciado as sospeitas de redución de cadro de persoal na unidade cando se acometa a apertura das novas instalacións. Esta medida suporía un incremento innecesario da carga de traballo do persoal, sendo ademais unha decisión tomada sen observar o funcionamento da nova unidade.

O Conselleiro de Sanidade parece ter confirmado este extremo, xa que confirmou que se ían reducir as presenzas por quenda, isto é, haberá menos persoal no servizo das categorías que actualmente traballan nel.

Cabe lembrar a elevada precariedade no mesmo, xa que por exemplo na categoría de pinches de cociña a porcentaxe de persoal titular de praza é inferior ao 23% do

CSV: REXISTROwKTLqABQx4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58174
Data envío: 28/10/2019 14:31:11.041

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

total.

Ademais disto prevese a xubilación do xefe de Cociña, polo que a Consellería debera ter preparado de xeito transparente o procedemento para o seu relevo.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

- Cal vai ser o número traballadores/as das diferentes categorías que presten servizo na nova cociña do CHUO por quenda e no cómputo global?

Santiago de Compostela, 28 de Outubro de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/10/2019 14:24:00**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/10/2019 14:24:14**

CSV: REXISTROwKTLqABQx4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.7 58722(10/PUP-000276)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirlle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58722
Data envío: 11/11/2019 15:28:59.837

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García,** deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, con carácter de urxencia,** para a súa resposta oral en Pleno.

**Xustificación da Urxencia.**

Unha parella con dúas fillas de 7 e 13 anos, que residen en Vigo, poden ser desafiuzados do seu domicilio nos vindeiros días pola imposibilidade de facer fronte ao pago do aluguer cos ingresos da Risga.

O Concello de Vigo e a Xunta de Galicia non teñen ofrecido, ata o momento, unha alternativa habitacional aceptable.

Por todo isto, o Grupo Común da Esquerda presente a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Como ten pensado o Goberno galego garantir unha alternativa habitacional a esta familia?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: REXISTROq2dHd9CTo0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58722
Data envío: 11/11/2019 15:28:59.837

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 11/11/2019 15:28:15**

CSV: REXISTROq2dHd9CTo0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019        Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.8 56256(10/POP-006653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración da consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia

*Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 11:01:34
Nº Rexistro: 56256
Data envío: 24/09/2019 11:01:34.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Aínda que pendente da aprobación polo Parlamento europeo e do visto bo dos estados membros que poderían esixiren cambios, o tratado con Mercosur é un feito.

Foron España e Alemania quen maior empeño puxeron en vence-las resistencias que levantaba nos demais países membros debido ós seus efectos negativos sobre o sector agrícola. "O acordo presenta retos para os agricultores europeos e a Comisión está lista para lles axudar a superalos" Phil Hogan comisario de Agricultura.

Claro que despois sempre depende da presión que se faga desde os sectores agrícolas prexudicados e dos estados que sintan "vocación" de defensa dos intereses dos seus cidadáns.

As menores esixencias sanitarias e os prezos inferiores con que eses produtos van ser postos en Europa ameazan seriamente o rural europeo.

No noso caso, o sector da carne está a tremer polo considerable impacto que este tratado pode supoñer. E aínda que o tratado leva xestándose case 20 anos, ningún movemento de protección e defensa vimos por parte do goberno galego dese e doutros sectores ameazados.

CSV: REXISTROujMD8nTOY4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 11:01:34
Nº Rexistro: 56256
Data envío: 24/09/2019 11:01:34.260

BNG BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A supresión de aranceis suporá para as empresas europeas a supresión de 4.000ME en aranceis. Sairán beneficiados a industria do automóbil, maquinaria, química ou farmacéutica e a cambio o tratado dará vía libre ás exportacións, dos países de Mercosur a Europa, que son na súa maioría produtos agrícolas e gandeiros

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración que fai a consellería do impacto que este acordo pode ter para o noso medio rural?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: REXISTROujMD8nTOY4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 10:44:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 10:45:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 10:45:12**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 10:45:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 10:45:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 10:45:34**

CSV: REXISTROujMD8nTOY4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.9 57843(10/POP-006870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura

*Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:14:15
Nº Rexistro: 57843
Data envío: 18/10/2019 11:14:15.352

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

É de sobra coñecido por todos e todas que unha das características da propiedade da terra en Galicia é a elevada fragmentación. Unha fragmentación que se traduce nun gran número de parcelas como nun gran número de propietarios. Falamos do coñecido minifundismo galego. Un minifundismo que dificulta unha xestión adecuada do territorio, que minora a rendibilidade das explotacións e dificulta, en moitos casos, a súa viabilidade, e, tamén, favorece o abandono das parcelas co conseguinte aumento de biomasa vexetal nos predios o que contribúe a agravar os efectos dos incendios.

O rural galego segue necesitando un pulo para acadar un desenvolvemento eficaz e eficiente. Necesitamos, entre outros, impulsar a nosa calidade de produción agro alimentaria, unha boa mobilidade da terra produtiva para usos agropecuarios e forestais, e, por último, e non por iso menos importante necesitamos un desenvolvemento de máis zonas de pastoreo para as granxas galegas.

A agricultura e gandería son un sector primario fundamental da economía galega, e, así mesmo, a súa xente é a que está a loitar contra o abandono do rural.

Tampouco podemos esquecernos da importancia do noso monte para a vida galega xa que desempeña un tripla funcionalidade no eido social, ambiental e económico, como así estipula a exposición de motivos da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

As concentracións parcelarias impulsan, entre outros, o desenvolvemento do sector lácteo, e permiten unha ordenación da superficie agraria e forestal adaptada ás necesidades de cada zona segundo o seu uso.

CSV: REXISTROm9TPUPSB2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:14:15
Nº Rexistro: 57843
Data envío: 18/10/2019 11:14:15.352

En definitiva, un dos moitos factores que condiciona o uso do solo é a existencia ou non de concentracións parcelarias.

Un goberno, verdadeiramente comprometido co rural, tería que haber impulsado estes procesos. Sobre todo, cando a Xunta de Galicia ratificou varias veces durante a presente lexislatura o seu compromiso de promover todas as concentracións pendentes

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural, a estas alturas da lexislatura, tería que ter demostrado que unha das súas prioridades era axilizar e finalizar as concentracións parcelarias decretadas e abertas.

Tristemente os feitos demostran todo o contrario, e estes son os datos. A comezos do ano 2016 tiñamos en Galicia 137 concentracións pendentes. agora, segundo o informe anual do Valedor do Pobo (2018), Galicia ten abertas 128; 45 na provincia da Coruña, 14 en Lugo, 31 en Ourense e 38 en Pontevedra.

Os números demostran que o avance é insignificante e pobre. Pasados case que catro anos a Xunta de Galicia tan só axilizou 9 procesos. Seguimos pois nunha excesiva demora na conclusión dos expedientes, exemplos temos varios: concentración parcelaria Gonzar II (no Pino) 19 anos de trámites; concentración parcelaria de Godos (Caldas de Reis) 18 anos de trámites, etc... Ao que hai que sumar, logo despois, a tardanza na toma de posesión dos novos predios e títulos.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cales son as causas, do nulo avance nos procesos de concentración parcelaria nesta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 18/10/2019 11:05:53**

CSV: REXISTROtm9TPUPSB2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:14:15
Nº Rexistro: 57843
Data envío: 18/10/2019 11:14:15.352

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2019 11:06:03**

CSV: REXISTROtm9TPUPSB2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 19.11.2019 Hora: 00:00**

**Orde do día**

7.10 54924(10/POP-006511)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019

*Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 12:25:33
Nº Rexistro: 54924
Data envío: 03/09/2019 12:25:33.942

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega recollía compromisos específicos coa nosa frota de baixura. Por exemplo, afirmaba que "*Avanzaremos, da man da Administración estatal, na mellora da xestión das cotas no eido interno, de forma que se eviten consumos prematuros ou especialmente gravosos pola época do peche, fomentando unha distribución anual o máis equitativa e beneficiosa posible en termos de comercialización, de xeito específico no marco da actividade da flota de baixura e litoral na que se comparten cotas*".

A flota do cerco galego, formada por 150 unidades, decidiu por maioría, en xuño do 2019, establecer un tope para as capturas de xurelo durante todo o ano.

O límite de 750 Kg por tripulante enrolado e día tamén servirá para manter un nivel de prezos aceptable ao non inundar o mercado coa especie.

Pese a que o acordo non foi unánime, a medida ten como principal obxectivo preservar o cupo dispoñible e, por ende, o caladoiro en si.

É unha medida que afectará a todo este segmento, xa que ante a escaseza doutras especies, o xurelo convértese no principal obxectivo do sector, sobre todo, a partir do verán, cando se espera que a sardiña entre en veda.

Recentemente o *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación* publicou as resolucións polas que se establecen os criterios para a xestión no 2019 das cantidades máximas de xurelo:

- Resolución do 1 de agosto de 2019, do *stock* JAX/2A-14 entre as distintas flotas e caladoiros.
- Resolución do 1 de agosto de 2019, dos *stocks* JAX/09 e JAX/8C por parte da flota.
- Resolución do 7 de agosto de 2019, do *stock* JAX/2A-14 que pode ser pescado na zona CIEM 8c.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROwo3MlDmNG5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 12:25:33
Nº Rexistro: 54924
Data envío: 03/09/2019 12:25:33.942

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

O xurelo é, desde fai anos, o principal recurso da flota. No que vai de ano, segundo a Plataforma Tecnolóxica da Pesca, descargou 7.100 Ton. Estas capturas foron realizadas tanto polo cerco como polo arrastre e alcanzaron un valor de 7,8 M €.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Que balance fai da xestión do xurelo ao longo do 2019?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 12:19:07**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 12:19:19**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 12:19:30**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 12:19:50**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 12:24:04**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 12:24:31**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 12:24:39**

CSV: REXISTROwo3MIDmNG5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com